


Catálogo Nacional Monumentos Históricos	
Estado	GALICIA
Municipio	OZA-CESURAS
Inmueble	Igrexa de Santa María de Dordaña
Dirección	Lugar Igrexa, 2 15391
Coordenadas	43.1764747106404 -8.224974459622494
	
Descripción	<p>Trátase dun templo de planta rectangular dunha soa nave cunha sancristía apegada ó muro norte. Está construída a base de muros de cachotería, revestida de cemento pintado de branco agás nas esquinas e ocos onde se mantén a cantería á vista. A cuberta realízase a dúas augas; tamén o corpo da sancristía, e posúe cubrición de tella árabe. No interior, o espazo da nave está separado da cabeceira por medio dun arco triunfal.</p> <p>A fachada de traza sinxela, dende un eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular alintelada. Sobre o ingreso vai un óculo que ilumina o coro de madeira e, rompendo o vértice da fachada unha base para unha espadana de tres corpos flanqueado por dous pináculos piramidais. O primeiro corpo da espadana está formado por dous arcos de medio punto sobre piares que serven pra aloxa-las campás. O segundo fórmoo un oco de arco de medio punto flanqueado por dous pináculos. No último corpo un pequeno frontón curvo cun oco circular no centro e coroado por un pináculo moldurado e unha cruz de forxa. Este corpo tamén está flanqueado por dous pináculos piramidais.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
Campanas y esquilas	2 campás.
Toques actuales	
Conservación	
Protección	
Propuestas	
Autores del registro	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Fecha del registro	17-04-2023

Campanas actuales

Localización	Campana	Fundidor	Año	Diámetro	Peso
Espadana	Menor.	PALACIO, DÁMASO	1852	60	125
Espadana	Maior.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1936	75	244

Información completa: [Igrexa de Santa María de Dordaña - OZA-CESURAS \(GALICIA\)](#)